



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACION DE SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS, PROTECCIÓN CIVIL E OUTROS.

- Artigo 1.- Fundamento e natureza
- Artigo 2.- Nacemento da obriga triburaria.
- Artigo 3.- Feito imponible.
- Artigo 4.- Suxeitos pasivos.
- Artigo 5.- Responsables.
- Artigo 6.- Cotas tributarias.
- Artigo 7.- Normas de procedemento.
- Artigo 8.- Exencións e bonificacións
- Artigo 9.- Infraccións e sancións tributarias.
- Artigo 10.- Servizos obrigatorios.
- Artigo 11.- Intervencións fora do termo da Mancomunidade

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985 , do 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local e conforme ao que dispoñen os artigos 15 e 19 da lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora de Facendas Locais, esta Mancomunidade establece a Taxa por servizo de extinción de incendios, protección civil e outros, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal da que as normas atenden o previsto no artigo 53 da devandita Lei 39/1988.

Artigo 2.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBURARIA

A obriga tributaria xorde da utilización ou presentación dos servizos devanditos, o devengo prodúcese coa orde de intervención ou requirimento dos interesados, aínda que non o solicitase persoalmente o suxeito en situación de perigo na súa persoa ou bens.

Artigo 3.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta taxa, a prestación de servizos de auxilio e axuda, polo servizo correspondente da Mancomunidade, sempre que esta prestación beneficie ao suxeito pasivo. Se corresponden cos seguintes casos:

- a) Extinción de incendios de toda clase, realizado polo servizo con persoal e material do mesmo.
- b) Prevención de incendios.



- c) Auxilios, salvamentos, recuperacións e evacuacións de persoas e bens con ocasión dos servizos sinalados nos apartados anteriores ou doutras situacións de perigo como afundimentos, asulagamentos, explosións, derrumbos, accidentes de tráfico e cando o soliciten os interesados.

Artigo 4.- SUXEITOS PASIVOS

Serán contribuíntes deste tributo as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que fai referencia o artigo 33 a Lei Xeral Tributaria, sexan nacionais ou estranxeiras, que se atopen nalgún dos supostos seguintes :

- a) Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados polo mesmo, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.
- b) Os propietarios, usufrutuarios, inquilinos ou arrendatarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever e atenualo sinistro, agás se este fose causado por culpa ou negligencia dun usuario.
- c) As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación obriguen á prestación do servizo.
- d) Terá a consideración de substituto do contribuínte, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 5.- RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinal al Lei Xeral Tributaria.

3.- Serán substituídos do contribuínte nesta taxa (Artigo 4.d), as entidades ou sociedades aseguradoras do risco, en bens ou persoas, sexan públicas ou privadas. A estas a Mancomunidad poderá xirarlle directamente a correspondente liquidación pola prestación do servizo unha vez demostrado polo contribuínte que está en vigor a póliza que asegura os feitos que dan orixe á liquidación pola prestación do servizo.



Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA

Clasificación dos vehículos:

- Vehículo n.º 1.-Camión contra incendios e auxilio en accidentes.
- Vehículo n.º 2.-Camión contraincendios forestais todoterreo.
- Vehículo n.º 3.-Vehículo lixeiro de salvamento.
- Vehículo n.º 4.-Vehículo lixeiro de transporte.
- Vehículo n.º 5.-Vehículo de apoio.

Saída fixo: 65,00 euros.

1.- Saídas da base de vehículos incluíndo a 1.ª hora de traballo nos Apartados a), b), c), do artigo 3.

- A. Saída da base do servizo. Camión contraincendios e auxilio en accidentes (n.º 1): 70,00 euros
- B. Saída da base do servizo. Camión contraincendios forestais todoterreo (n.º 2): 85,00 euros
- C. Saída da base do servizo. Vehículo lixeiro de salvamento (n.º 3): 33,00 euros.
- D. Saída da base do servizo. Vehículo lixeiro de transporte (n.º 4): 25,00 euros.
- E. Saída da base do servizo. Vehículo de apoio (n.º 5): 33,00 euros.

2.- Traballo por cada unidade temporal ou fracción

- a) Por cada hora ou fracción do vehículo (n.º 1) 45,00 euros.
- b) Por cada hora ou fracción do vehículo (n.º 2) 60,00 euros
- c) Por cada hora ou fracción do vehículo (n.º 3) 33,00 euros.
- d) Por cada hora ou fracción do vehículo (n.º 4) 25,00 euros.
- e) Por cada hora ou fracción do vehículo (n.º 5) 33,00 euros.

3.- Por cada hora ou fracción de traballo de cada operario: 30,00 euros

4.- Pola utilización de equipos de respiración autónoma (ERA) por unidade: 30,00 euros.

5.- Por cada litro de espumoxeno: 12,00 euros.

6.- Por cada hora ou fracción de limpeza de calzada ou rúas: 55,00 euros.

7.- Por utilización de extintor de po (A,B,C) ou CO2, cada unidade: 40,00 euros.

8.- Por utilización de extintor de auga/escuma: 45,00 euros.

9.- Por cada hora ou fracción de traballo do xerador eléctrico : 40,00 euros.

10.- Por cada hora ou fracción do equipo de rescate: 90,00 euros.

11.- Por tramo de manguera despregada, por unidade: 20,00 euros.

12.- Por bomba de achique: 30,00 euros hora ou fracción.

13.- Absorbente: 15,00 euros/kilo.

14.- Dispersante: 10,00 euros/kilo.



15.- Recarga de aire comprimido (ERA): 15,00 euros/unidade.

16.- Xerador de espuma: 21,00 euros/hora ou fracción.

17.- Nas saídas cobraránse ademais das cotas anteriores, por Km. percorrido: 0,63 euros.

18.- A tarifa mínima dos dereitos a liquidar pola prestación de servizos e de: 55,00 euros.

19.- Nas extincións de incendios en locais onde haxa substancias tóxica, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, recargarase a cota resultante dos apartados anteriores nun 100%.

20.- Por cada hora ou fracción no uso de batelume e ferramentas manuais de extinción de lumes: 63,00 euros.

21.- Normas de aplicación das tarifas:

- Os servizos prestados fora dos concellos mancomunados sufrirán un recargo do 40% das tarifas resultantes.
- As incorporacións de medios que puideran producirse tarifarase por analoxía as existentes, ata a súa regulación específica.
- Ditas tarifas actualizaranse anualmente conforme o Índice de Prezos o Consumo (I.P.C.)

ARTIGO 7. -NORMAS DE PROCEDIMENTO PARA A LIQUIDACION E INGRESO

1.- O pago desta taxa realizarase polo procedemento de autoliquidación na Recadación Mancomunada ou entidades bancarias cobradoras.

2.- O persoal do servizo extenderá un parte en impreso normalizado no que fará constar, como mínimo:

- Nome e apelidos,
- DNI ou CIF da persoa solicitante ou beneficiario do servizo.
- Domicilio, teléfono,
- Nome e apelidos e DNI ou CIF do propietario do ben, sexa persoa física ou xurídica,
- Motivo da actuación, como beneficiario, podendo coincidir ambos dous.
- A hora de saída da base e a hora de chegada o mesmo.
- Ademais este parte incluíra os datos da entidade aseguradora do risco motivador facendo constar o Nome da entidade, CIF, número de Póliza e a data de caducidade da mesma.

O parte debe ser asinado polo solicitante ou beneficiario e a persoa que realice o servizo. Este parte será a vez impreso autoliquidación da taxa, no que constaran o dorso as tarifas de aplicación. O impreso será cuadruplicado e deberán entregarse dous exemplares o solicitante e remitir un a Administración de Tributos da Mancomunidad para control, e outro para arquivo no servizo.



3.- Os contribuintes deberan ingresar a cota por autoliquidación no prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte da prestación do servizo. Transcorridos os trinta días a que se refire o parágrafo anterior, a Inspección de Tributos da Mancomunidad levantara acta por infracción grave.

ARTIGO 8.-EXENCIONS E BONIFICACIONES

Gozarán de exención as propiedades municipais dos concellos da Mancomunidad e os casos que sinala a lexislación vixente. Gozaran duna redución do 15% se o ingreso se produce no prazo de dez días seguintes prestación do servizo. Tamén gozaran de exención da taxa devengada pola prestación do servizo aquelas familias ou persoas físicas que figuren nos rexistros municipais de servizos sociais dos concellos da Mancomunidad, como pobres, e aqueles con poucos recursos económicos para afrontar o importe da taxa, o cal se fará constar no expediente polo servizo prestado.

ARTIGO 9.-INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

En materia de infraccións e sancións tributarias rexera o disposto na Lei Xeral Tributaria vixente.

ARTIGO 10.- SERVIZOS OBRIGATORIOS

Será obrigatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente para a poboación en xeral, conforme o disposto na normativa urbanística, de policía e protección civil e cando ordenen as autoridades competentes por razóns de seguridade pública.

ARTIGO 11.-INTERVENCIONS FORA DO TERMO DA MANCOMUNIDADE

Previo requirimento das autoridades competentes poderase acudir a un sinistro localizado noutro concello fora da comarca do Ribeiro, sempre e cando o Xefe do Servizo estime que a Mancomunidad queda atendida cos mínimos suficientes.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª.- No non previsto na presente Ordenanza serán de aplicacións as disposicións contidas na lexislación tributaria aplicable.

2ª.- A presente Ordenanza entrara en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Mancomunidad
do RIBEIRO

Contra a aprobación definitiva desta ordenanzas fiscais poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano correspondente de dita xurisdicción no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao desta publicación no Boletín Oficial da Provincia".

Beade, 22 de maio de 2012.
O PRESIDENTE,



Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.